

BASES QUE REXERÁN O PROCESO PARA INSCRIBIRSE NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS ORGANIZADAS POLO CONCELLO PARA A TEMPADA 2026/2027

1.- Obxecto da convocatoria. - As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de admisión de usuarias/os nas actividades deportivas organizadas polo Concello. As bases e tódolos actos serán publicados nas redes do Concello, sede electrónica e taboleiro de anuncios.

2.- Procedemento de matriculación. - Establecense dous períodos de matriculación:

Fase 1º - Continuidade.

Nesta fase, poderán participar aquelas persoas que o ano pasado estiveran matriculadas nalgunha das actividades e asistiran a mais do 50% das mesmas, solicitando a renovación, na mesma praza que estivo. No caso de querer cambiar deberá indicalo e unha vez finalizado o período de continuidade informáraselle se é posible proceder ó cambio ou non. Para este prazo de solicitude outorgaráselle tres días hábiles.

Fase 2º- Novas solicitudes.

Esta fase comezará unha vez finalizada a de continuidade, para todas aquelas persoas que desexen inscribirse nalgunha actividade deportiva, no caso de estar cheas as prazas, quedará na lista de agarda para posibles baixas ou vacantes. Esta fase estará aberta todo o ano.

Terán prioridade as persoas empadroadas no Concello da Pobra do Caramiñal. As persoas maiores de 70 anos deberán facer a inscrición en actividades de persoas maiores.

3.- Solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse, no modelo específico debidamente cumprimentado e presentarse na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. Toda a solicitude que non cumpra co establecido neste punto non se terán en conta.

4.- Formalización do pago.

Unha vez confirmada a inscrición nalgunha das actividades deberá realizarse o pagamento antes do comezo da mesma. O pagamento poderá realizarse nas propias oficinas dos Deportes do Concello, ou por transferencia bancaria, indicando o nome e apelidos da persoa participante e a actividade na que foi admitida, o seguinte número de conta: ES37-2100-4751-1402-0000-5080. Unha vez realizada a



transferencia deberá enviarse o resgardo ó seguinte correo: deportes@apobra.gal ou presencialmente na oficina de Deportes.

Aquelas persoas que non teñan realizado o pago antes do día do comezo da actividade, quedaran excluídas e procederase a chamar a seguinte persoa da lista de agarda, que terá un prazo de dous días naturais para formaliza-lo pago.

5.- Prezo das actividades.

Os prezos públicos serán os foron aprobados en Xunta de Goberno Local para a presente edición 2026-2027.

6.- Baixas da actividade.

As baixas poderán ser de dous tipos, voluntarias ou de oficio por parte do propio departamento de Deportes.

As baixas voluntarias: produciranse por petición do propio usuario por escrito dirixido ó Concello, solicitando a baixa da actividade.

As baixas de oficio: produciranse como se explica no punto 4 por o non pagamento do prezo antes de inicia-la actividade. Por non mante-las formas ou causar problemas nas clases. Por faltar a 6 clases seguidas sen ningún tipo de xustificación. Aquelas que falten a mais do 50% das clases no cuadrimestre.

Nos casos de baixas, comunicáraselle á/ó usuaria/o e procederase a ocupar a praza con algunha/algún usuario que estea na lista de agarda.

7.- Dereito Supletorio e Xurisdición.

Para todo aquilo que poida surxir e que non estea contemplado nestas bases, serán as/os técnicas/os dos deportes, asistidos polas/os xurídicas/os do Concello, as/os que resolveran as cuestións que se poidan prantexar.

8.- Recursos.

A resolución da alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento



Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen oportuno.

Na Pobra do Caramiñal, a data da sinatura dixital.

